

# MUSEO PROVINCIAL DO MAR

## (Rede Museística da Deputación de Lugo)

### PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES

#### “Levando áncoras”

#### CURSO 2016 / 2017

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2016 / 2017 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos. Dende a Rede Museística da Deputación Provincial de Lugo, e en particular desde o Museo Provincial do Mar, queremos converter a visita ó Museo nun momento no que se conxuguen aprendizaxe e lecer, queremos que se converta nunha visita interactiva, queremos establecer un diálogo co alumnado que se estenda máis alá dos muros do propio Museo.

Para logralo presentamos unha serie de actividades complementarias á visita, adecuadas ás adaptacións curriculares de cada diferente nivel educativo.

Con estas actividades tratamos de potenciar ao máximo os recursos que ofrece o Museo, para que sexan aproveitados en áreas como coñecemento do medio, cultura e tradición mariña de Galicia, lingua galega, lingua inglesa..., pero tamén no que é a transmisión do noso patrimonio inmaterial e no concepto de adaptación e accesibilidade global que se ven reflectidos no noso Museo.

O noso obxectivo é que a visita se estenda fóra dos muros do edificio, e por iso, xunto coa actividade a realizar no Museo durante a visita, propoñemos outras a levar a cabo xa na aula e nas que se faga una valoración da mesma e do que dela sacaron de proveito.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar.

#### »Que hai no mar?

**Descrición:** Con esta actividade tratamos de achegar ós nenos e nenas de infantil o que é o mundo do mar e os habitantes que nel poden atopar.

**Nivel educativo:** Educación Infantil

**Metodoloxía:** Finalizada a visita a cada un dos nenos entregaráselles un caderno no que terán varios debuxos de diversos animais mariños que terán que colorear. Ao mesmo tempo que colorean os debuxos, preguntaráselles se saben os nomes dos animais.

**Temporalización:** Entre 40 e 50 minutos.

#### »Que son: balea ou cachalote?

**Descrición:** Con esta actividade pretendemos que os nenos e nenas de infantil aprendan a diferenciar diversos tipos de cetáceos por sinxelas diferencias morfolóxicas como que as baleas non teñen dentes senón barbas, namentres que o cachalote si ten dentes.

**Nivel educativo:** Educación Infantil

**Metodoloxía:** Despois da visita ó museo, na que na sala das baleas se terá resaltado a diferenza que hai entre unha balea e un cachalote, entregaráselles ós nenos, nesa mesma

sala, un caderno con dous debuxos, o dunha balea na cal se ven claramente as barbas, e o dun cachalote no que se percibe facilmente o gran tamaño da súa cabeza e os seus dentes.

Os nenos terán que colorear cada un deles que irán acompañados dun **b** e un **c** respectivamente, para indicarlles cal é cal. E todo isto apoiados nun panel no que poderán ver o debuxo dos dous cetáceos.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Xogamos ás adiviñas no mar

**Descrición:** Nesta actividade queremos resaltar nos pequenos e pequenas as diferentes formas e cores dos diversos obxectos e animais que se poden atopar no mar.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (1º e 2º)

**Metodoloxía:** Situados na sala dos cetáceos daráselle a cada neno un caderno no que atoparán catro recadros. En cada un deles haberá un pequeno texto dunha adiviña e o debuxo que é a solución á mesma. Os rapaces terán que colorear o debuxo e escribir debaixo o nome do obxecto ou animal mariño.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Imos mariscar

**Descrición:** Con esta actividade pretendemos que os rapaces e rapazas do primeiro ciclo de Educación Primaria distinguan diferentes clases de mariscos das nosas costas.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (1º e 2º)

**Metodoloxía:** Despois da visita á sala III do museo, na que se amosan os diferentes oficios do mar, as artes de pesca e os habitantes del, entregaráselles ós alumnos un sobre que conterá oito adhesivos e un caderno. No caderno haberá un recadro co nome dun marisco e ó lado unha marca redonda na que os rapaces deberán pegar ó debuxo que se corresponda co nome.

Despois, os rapaces, pintarán das cores correspondentes os debuxos dos animais mariños que aparecen na portada do caderno.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Imos navegar

**Descrición:** Con esta actividade buscamos que o alumnado se achegue á cultura e tradición mariñeira galega en xeral e a de San Cibrao en particular.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (1º e 2º)

**Metodoloxía:** Despois da visita das distintas salas do museo, utilizando os diversos recursos didácticos que hai nelas, entregaráselle ós rapaces e rapazas un caderno no que ó lado dun recadro con tres nomes, haberá outro cun debuxo. Os rapaces terán que unir cunha frecha o nome dun dos tres que se corresponda co debuxo.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »A pesca dos nomes

**Descrición:** Pretendemos potenciar o coñecemento do hábitat mariño no alumnado animándoos a que identifiquen diferentes peixes, cetáceos ou moluscos.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (3º e 4º)

**Metodoloxía:** Finalizada a visita ó museo, faráselles entrega a cada un dos rapaces e rapazas dun caderno de dúas follas. Nel terán oito animais mariños, peixes, cetáceos e moluscos, que deberán identificar e escribir os seus nomes nunhas caixas cruzadas que haberá xunto ós debuxos e, por último, colorear cada animal nas cores axeitadas.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Atopa o polisón

**Descrición:** Nesta actividade pretendemos que os nenos e nenas adquiren os conceptos básicos do mundo do mar e dos aspectos con el relacionados, tales como o mundo da navegación, os traballos que nel se levan a cabo e os seus habitantes

**Nivel educativo:** Educación Primaria (3º e 4º)

**Metodoloxía** Finalizada a visita ás distintas salas do Museo, a cada un dos alumnos, entregaráselles un caderno no cal haberá varios grupos de palabras. En cada un deles os rapaces terán que rodear cun círculo a palabra “polisón”, esta é, a que non debería estar nel, por non pertencer ó mesmo grupo semántico.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »O preguntoiro

**Descrición:** No Museo do Mar con esta actividade pretendemos fomentar nos rapaces o interese pola nosa tradición e cultura mariñeira.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (3º, 4º, 5º e 6º)

**Metodoloxía** Nunha das salas do Museo repartiranse os rapaces e rapazas en dous grupos, formando dous equipos.

A cada un dos equipos daráselles un listado de vinte preguntas (diferentes as de cada un) que terán todas elas tres posibles respostas.

Das vinte, cada grupo elixirá dez, e alternativamente iranse preguntando e anotando os fallos e os acertos

Ganará o grupo que máis acertos teña e, en caso de empate, faranse preguntas ata desempatar.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Cada un co seu

**Descrición:** Con esta actividade intentamos que os rapaces e rapazas consoliden unha serie de coñecementos acerca das diferentes especies de animais que habitan o mar.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (5º e 6º)

**Metodoloxía:** Despois de visitar o museo, aproveitando os recursos didácticos que hai nel, na sala tres entregaráselle a cada un dos alumnos un caderno.

Na primeira folla do caderno haberá un texto cunha explicación básica das principais diferenzas entre peixes, cetáceos, moluscos e crustáceos. Nas seguintes, os rapaces terán unha lista de 24 animais mariños que deberán agrupar en catro grupos, seis de cada especie explicada.

Finalmente, deberán escoller un dos 24 animais xustificando o porqué.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Habitantes do mar

**Descrición:** Nesta actividade, como en todas as que se realizan no Museo do Mar, o que se pretende é que os rapaces e rapazas adquiren unha serie de coñecementos sobor do mar e da cultura mariñeira, e nesta en concreto acerca dos habitantes do mar, das súas características e dalgunha curiosidade referente a súa alimentación, hábitat ou forma de pesca.

**Nivel educativo:** Educación Primaria (5º e 6º)

**Metodoloxía:** Despois de visitar o museo, e de darlle os rapaces e rapazas una breve referencia sobre as principais especies que poboan o noso mar, e aproveitando os recursos didácticos dos que nel dispoñemos, entregaránselle a cada un dos alumnos un caderno no que haberá 13 fotografías de animais mariños, con dúas caixiñas á súa beira baixo as preguntas “quen son?” e “que sabes de min?”

Na primeira das caixas deberán poñer o nome e a especie do animal da fotografía e na segunda o seu hábitat, que come, que arte de pesca se utiliza para a súa captura ou algún outro detalle que coñezan.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Facendo de detectives no museo

**Descrición:** Pretendemos nesta actividade un achegamento global dos alumnos/as ó Museo, dende ós cetáceos ou ás cunchas, ás artes de pesca, á tipoloxía de embarcacións ou ós instrumentos de navegación.

**Nivel educativo:** ESO (1º e 2º)

**Metodoloxía:** Despois da visita guiada a cada alumno/a daráselle un xogo de pistas. Nel haberá oito definicións de artes de pesca, instrumentos de navegación, tipoloxía de barcos ou animais mariños.

Tras de cada definición estarán marcados os espazos das letras que forman a palabra a adiviñar, dándoselles polo menos unha das letras, tendo os rapaces e rapazas que completar a palabra .

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Glosario mariñeiro

**Descrición** Con esta actividade pretendemos resaltar no alumnado a gran importancia que tivo en San Cibrao a carpintería de ribeira e a construción naval.

**Nivel educativo:** ESO (1º e 2º)

**Metodoloxía:** Finalizada a visita entregaráselles ós rapaces un caderno cun pequeno texto no que se destaca a importancia que a construción de barcos tivo en San Cibrao.

Haberá logo una sopa de letras na que se esconden os nomes de seis pezas dun barco a vela.

Na seguinte páxina estarán as seis definicións desas pezas, por riba desa definición haberá unha liña na que terán que escribir o nome da peza correspondente.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Un mar de linguas

**Descrición:** Con esta actividade pretendemos, ó tempo que potenciamos os coñecementos da nosa cultura e tradición mariñeira, que os rapaces recoñezan una serie de palabras en inglés referidas a algúns dos obxectos e animais relacionados co mar.

**Nivel educativo:** ESO (3º e 4º)

**Metodoloxía:** Entregaráselle a cada rapaz ou rapaza un caderno de dúas follas. Na primeira irá un pequeno texto introdutorio e logo unha lista de palabras en inglés.

Na seguinte folla, haberá 14 fotos cun recadro debaixo onde os alumnos/as escribirán a palabra correspondente en inglés, que será unha das da lista da páxina anterior.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Preguntoiro

**Descrición:** Con esta actividade trátase de achegar ó alumnado un coñecemento global da nosa cultura e tradición mariñeira.

**Nivel educativo:** ESO (3º e 4º) e BAC

**Metodoloxía:** Despois da visita guiada faranse dous grupos cos rapaces e rapazas.

A cada un dos dous equipos formados entregaráselles unha lista de vinte preguntas, diferentes as de cada un deles.

Terán que escoller dez delas das que coñezan a resposta, e una vez escollidas, cada grupo preguntará alternativamente ó contrario.

Se o grupo preguntado non sabe a resposta pero o que preguntou tampouco, anotarase fallo para os dous.

Ganará o equipo que máis acertos e menos fallos teña, e en caso de empate, faranse as preguntas precisas para desfacelo.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »A todo trapo

**Descrición:** Con esta actividade quérese achegar en particular ó alumnado ó mundo da navegación mariña dende o seu comezo ata nosos días.

**Nivel educativo:** BAC (1º e 2º)

**Metodoloxía** Finalizada a visita ó Museo, a cada alumno faráselle entrega dun caderno que incluírá un texto cunha serie de ocos que deberá cubrir cas palabras que se lle proporcionan ó final do mesmo.

**Temporalización:** Entre 45 e 50 minutos.

### »Crea o teu museo.

**Metodoloxía:** Fago o meu museo, facemos o noso museo, creamos una rede. Os museos son relatores de historias. Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo. Se queres saber cómo, preguntáanos!

**Nivel educativo:** Infantil e 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar

(34) 982 242 300 / 982 594 572

[museodomar@museolugo.org](mailto:museodomar@museolugo.org)

<http://redemuseisticalugo.org>



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

